PAU (MAIORES DE 25 ANOS) 2025

Código: 01

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

TEXTO

La arrolladora victoria de Trump no deja lugar a dudas. La supuesta igualdad entre republicanos y demócratas se quedó en los cálculos de las empresas encuestadoras. El sueño de una presidenta de la primera potencia mundial mujer y negra ha acabado convertido en pesadilla. Su abrumadora derrota deja claro qué argumentos se han impuesto en estas elecciones.

Donald Trump ha sido capaz de imponer sus principales temas de campaña. Por encima de todos, ha difundido día tras día la amenaza que supone la convivencia con una ola descontrolada de inmigrantes formada por delincuentes, violadores y asesinos que se comen las mascotas de los ciudadanos decentes. En segundo lugar, ha conseguido imponerse como el líder capaz de redirigir la política económica con mano firme que recupere un esplendor perdido que ha tenido en la inflación la principal muestra de fracaso. Finalmente, parece haber triunfado destruyendo la figura de Kamala Harris a la que no ha dejado de insultar y menospreciar desde que apareció como candidata. Lejos de volverse contra él, los resultados en las urnas respaldan su discurso.

Trump ha ganado todo: el voto popular, el Senado, previsiblemente la Cámara de Representantes y, además, en consecuencia, el control sobre el poder judicial. Más que presidente, va a representar el papel de rey. Su monarquía implica la prevalencia del mundo rural sobre las grandes ciudades, del electorado con menor nivel educativo, de los más mayores sobre los jóvenes, de los hombres frente a las mujeres y de la población blanca sobre las minorías raciales. Lo llamativo de las cifras es que el rey Trump ha movilizado a los suyos y ha conseguido conquistar parte del electorado demócrata que le había rechazado con anterioridad.

El nuevo presidente no solo ha impuesto democráticamente sus temas de campaña, también su estilo de hacer política. Trump ha ganado promoviendo la venganza, el rencor, la mentira, el odio, el insulto y la confrontación. Ahora toca ver cómo se dispone a reinar. El planeta entero estará pendiente de lo que haga y de cómo lo haga. Es difícil saber cómo cambiará el mundo estos próximos años, pero parece evidente que va a ser diferente.

(José Miguel Contreras, *El País*, 6 de noviembre de 2024, adaptado)

CUESTIONES

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]

2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]

3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

PAU (MAIORES DE 25 ANOS) 2025

Código: 01

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

TEXTO

A demoledora vitoria de Trump non deixa lugar a dúbidas. A suposta igualdade entre republicanos e demócratas quedou nos cálculos das empresas de sondaxe. O soño dunha presidenta da primeira potencia mundial muller e negra acabou convertido en pesadelo. A súa esmagadora derrota deixa claro que argumentos se impuxeron nestas eleccións.

Donald Trump foi capaz de impoñer os seus principais temas de campaña. Por enriba de todos, difundiu día tras día a ameaza que supón a convivencia cunha vaga descontrolada de inmigrantes formada por delincuentes, violadores e asasinos que comen as mascotas dos cidadáns decentes. En segundo lugar, conseguiu impoñerse como o líder capaz de reorientar a política económica con man firme que recupere un esplendor perdido que tivo na inflación a principal mostra de fracaso. Finalmente, triunfou destruíndo a figura de Kamala Harris a quen non deixou de insultar e menosprezar desde que apareceu como candidata. Lonxe de volverse contra el, os resultados nas urnas apoian o seu discurso.

Trump gañouno todo: o voto popular, o Senado, previsiblemente a Cámara de Representantes e, ademais, en consecuencia, o control sobre o poder xudicial. Máis que presidente, vai representar o papel de rei. A súa monarquía implica a prevalencia do mundo rural sobre as grandes cidades, do electorado con menor nivel educativo, dos máis vellos sobre os mozos, dos homes fronte ás mulleres e da poboación branca sobre as minorías raciais. O que chama a atención das cifras é que o rei Trump mobilizou os seus e conseguiu conquistar parte do electorado demócrata que o rexeitaba con anterioridade.

O novo presidente non só impuxo democraticamente os seus temas de campaña, tamén o seu estilo de facer política. Trump gañou promovendo a vinganza, o rancor, a mentira, o odio, o insulto e a confrontación. Agora toca ver como se dispón a reinar. O planeta enteiro estará pendente do que faga e de como o faga. É difícil saber como cambiará o mundo estes próximos anos, pero parece evidente que vai ser diferente.

(José Miguel Contreras, *El País*, 6 de novembro de 2024, adaptado, traducido)

CUESTIÓNS

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]

2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]

3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DE TEXTO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE
PAU 25/45
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na primeira cuestión, para obter dous puntos, deberase identificar correctamente e con precisión o tema principal abordado no texto. Por identificar o tema correctamente pero dun xeito demasiado xeral poderase descontar ata un punto; se non se identifica o tema, a pregunta valorarase con cero.

Na segunda cuestión, para obter dous puntos, é preciso que o resumo teña unha extensión axeitada e conteña as ideas principais e secundarias que se tratan no texto. Se a extensión é impropia dun resumo, poderase descontar ata un punto; se no resumo hai aportacións personais ou ideas que non estean presentes no texto, poderase descontar ata un punto; se o contido non responde ao do texto, a pregunta valorarase con cero. O mesmo sucederá se o resumo é unha copia literal de fragmentos do texto sen reelaboración propia.

Na terceira cuestión, sobre a que recae o maior peso do exame, valorarase sobre todo a expresión das propias ideas e a relación destas co exposto no texto. Se o comentario non pasa de ser unha paráfrase do propio texto, non se cualificará con máis de 3 puntos. O mesmo sucederá se o comentario é una mera expresión de acordo ou desacordo, non argumentado, coas ideas expresadas no texto. Se o comentario se centra unicamente en ideas marxinais ou anecdóticas, do texto, se sae por completo do tema do texto, poderase valorar cun cero. A pregunta poderase valorar tamén cun cero se se aprecian no comentario graves lagoas no coñecemento do mundo, falta de criterio ou incapacidade para levar a cabo unha argumentación razoada.

Canto á expresión escrita, valorarase de xeito xeral a capacidade para expresarse con. corrección nun rexistro culto na lingua (galego ou español) escollida pola alumna ou alumno. Os erros ortográficos (uso das letras, acentos gráficos, unión e separación de palabras, etc.) poderanse penalizar cun desconto máximo de dous puntos. Os erros no uso do léxico poderanse penalizar cun desconto máximo dun punto. Os erros que atinxan ao uso dos signos de puntuación, á construción das frases ou oracións e á ordenación lóxica das ideas do texto, e á adecuación do rexistro empregado poderán ser obxecto de descontos de ata tres puntos dependendo da gravidade dos erros e do moito que estes poidan dificultar a comprensión do texto producido pola alumna ou alumno.